

IES SOUTOMAIOR

PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA  
2022-2023

DEPARTAMENTO DE  
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

# **ÍNDICE**

- A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
- B) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- C) CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS**
- D) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**
- E) PROCEDEMENTO PARA AVALIAR COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO**
- F) AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- G) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- H) MECANISMOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E DA PRÁCTICA DOCENTE**
- I) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**
- J) MATERIAS IMPARTIDAS POLO DEPARTAMENTO**
  - BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4ºESO**
    - UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN.
    - CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE LOGRO, MÍNIMOS ESIXIBLES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
    - CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.
    - CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.
    - MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
    - CRITERIOS DE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.
  - BIOLOXÍA 2ºBACHARELATO**
    - UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN.

- CONCRECIÓN DE OBTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE LOGRO, MÍNIMOS ESIXIBLES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.
- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.
- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

**K) CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR FALTA DE ASISTENCIA DO ALUMNADO NO BACHARELATO**

**L) PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE INASISTENCIA A EXAMES E DE COPIA DE TRABALLOS E EXAMES.**

# **A) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

## INTRODUCCIÓN

A área de Bioloxía e Xeoloxía comprende varios ámbitos especializados do coñecemento científico: bioloxía, xeoloxía, ecoloxía, citoloxía, xenética, etc; pero todos eles levan consigo o estudo do medio, os fenómenos que ocorren nel, as súas interaccións e os cambios. Na realidade este coñecemento integra conceptos e procedementos propios de varias materias desta e doutras áreas.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía, tanto na etapa da educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave de cada etapa educativa, pondo especial atención na adquisición da competencia científica en todas as súas dimensións. Non se trata, pois, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor desenvolvemento do seu contorno e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

A Bioloxía e Xeoloxía resume o coñecemento sobre o medio natural e exprésano a través dun conxunto de principios, teorías e leis integrados dentro de modelos explicativos e predictivos; caracterízase polos procedementos empregados para xeralos, organizalos e valoralos. Estes procedementos capacitan as persoas para valorar e incorporar en forma de coñecemento válido o resultado da experiencia e a información sobre a natureza que se recibe ao longo da vida. Por este motivo debe contribuír ao desenvolvemento de diferentes competencias básicas entre as que destaca a competencia científica. Esta competencia conduce á formulación de preguntas, observación e análise de situacións, contraste de ideas, revisión de coñecementos previos, chegar a conclusións, comprobar a súa validez. Unha forma de adquirir coñecementos que axudará ao alumnado a tomar decisións baseadas en probas e argumentos, que pode capacitalo para identificar e resolver situacións da vida cotiá de forma análoga a como se actúa fronte aos retos científicos. O desenvolvemento deste tipo de pensamento crítico ten unha dimensión social moi acusada no ámbito da Bioloxía e Xeoloxía xa que insta a levar a cabo accións individuais e colectivas orientadas a conservar o medio natural, a mellorar a calidade de vida para facer un futuro posible.

A finalidade de programar ven dada por un intento de guiar a nosa práctica docente mediante o deseño dun documento que nos oriente no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Isto axúdanos a acadar unha ensinanza de calidade evitando unha improvisación negativa ou que as nosas clases se desenvolvan ao azar. A programación ten que ser dinámica, debe estar en continua revisión en función dos resultados dunha avaliación formativa do proceso. Debe ser fonte permanente de autocrítica e perfeccionamento do docente.

## CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O IES Soutomaior atópase na localidade de Arcade (concello Soutomaior). Neste centro impártese E.S.O e Bacharelato. O alumnado pertence á zona rural e clase social media-baixa, con presenza dunha importante comunidade marroquí.

## IMPARTICIÓN DE MATERIAS

PROFESOR / A	CURSO / MATERIA
Alejandro Liste Caparrini	Biología e xeoloxía 1º ESO (1 grupo)
Lucía López Senín	Biología e xeoloxía 1º ESO (1 grupo)
	Proxecto competencial 1º ESO (2 grupos)
	Biología e xeoloxía 3º ESO (4 grupos)
	Biología 2º bacharelato (1 grupo)
	Titoría 3º ESO
Montserrat Escudero Fernández	Biología e xeoloxía 1º ESO (2 grupos)
	Proxecto competencial 1º ESO(2 grupos)
	Biología e Xeoloxía 4º ESO (1 grupos)
	Biología e xeoloxía 1º bacharelato (1 grupo)
	Anatomía aplicada 1º bacharelato (1 grupo)
	Xefatura de departamento

### CONTEXTUALIZACIÓN LEXISLATIVA

Esta programación elaborase tomando como referencia o marco legal vixente en canto a Educación na Comunidade Autónoma de Galicia :

- LOMLOE. Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei orgánica, do 3 de maio de Educación.
- ORDE de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- RESOLUCIÓN de 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolvea o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia.

## **B) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

Tal e como se recolle na Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obrigatoria y el bachillerato, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

### **Comunicación lingüística (CCL).**

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita cobran moito sentido xa que facilitan chegar á comprensión profunda do que pretende esta área. Será interesante adestrar estes aspectos ao longo de todas as unidades como ferramentas básicas para adquirir destrezas desde esta competencia. Para iso, en cada unidade didáctica traballaremos para:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

O método científico vai ser un elemento importante dentro desta área, polo cal, traballaremos con aspectos relacionados que teñan que ver coa adquisición de ferramentas que posibiliten o bo desempeño do alumnado na materia:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

### **Competencia dixital (CD).**

A sociedade na que vivimos crea a necesidade de traballar de xeito transversal esta competencia. Terase que dotar o alumnado de ferramentas para a óptima adquisición de coñecemento en todas as áreas e idades. Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes aspectos da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

### **Aprender a aprender (CAA).**

Esta competencia lévanos a coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado e a metodoloxía empregada para a óptima adquisición dos contidos de calquera área. Por iso, traballaremos e adestraremos cada un dos seguintes indicadores de forma que aseguremos a consecución de obxectivos formulados previamente:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### **Competencias sociais e cívicas (CSC).**

Esta competencia favorece ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que posibilitan que o alumnado medre e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes indicadores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

O adestramento de habilidades emprendedoras no deseño de calquera tarefa vai posibilitar unha óptima xestión de recursos materiais e persoais, polo que nesta área, e en calquera, o alumnado crecerá en autonomía, en liderado e verase capaz de acoller con entusiasmo calquera labor que se lle encomende. Por iso, será importante que se adestren de forma eficiente e eficaz os seguintes indicadores:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

### **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía podemos adestrar aspectos desta competencia que nos levan á adquisición de valores e actitudes que teñen que ver coa interculturalidade, os pensamentos diverxentes, as crenzas... Polo que nesta área traballaremos os seguintes indicadores:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

## **E) CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

### **EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE AMBOS SEXOS:**

- As experiencias previas poden ser distintas en alumnos e alumnas. Estas desigualdades de principio se compensarán mediante actividades encamiñadas a potenciar nuns e noutras aqueles aspectos dos que son máis descoñecedores.
- Eliminaremos a linguaxe sexista no noso vocabulario e corrixiremos a do alumnado. De igual modo, coidaremos a selección de material gráfico que lles aportamos, de maneira que desbotemos todo tipo de imaxes ou textos que establezan diferenzas entre os papeis dos homes e das mulleres.
- Eliminaremos a sensación de competitividade entre os individuos e entre os sexos, pois educamos para a cooperación e a tolerancia.
- Realizaremos actividades que contribúan a elimina-la discriminación e que potencien o espírito de colaboración entre iguais.

### **EDUCACIÓN AMBIENTAL E EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:**

- Reflexionaremos co alumnado sobre a importancia da conservación da biodiversidade. A biodiversidade é a nosa herdanza natural e a base dos nosos recursos naturais. Ao longo e ancho do mundo as actividades humanas están poñendo en perigo a devandita diversidade. A conservación da biodiversidade é, polo tanto, un tema primordial se queremos manter unha boa calidade de vida para todos na Terra. Traballaremos o tema na aula, e fora dela, descubriendo a biodiversidade *in situ* con roteiros interpretativos, deseñando o xardín botánico para o noso centro, analizando impactos e actuando, por exemplo, formando brigadas de limpeza do río e das praias do noso concello.
- Incidiremos na nosa responsabilidade como consumidores. Levaremos a cabo unha campaña de concienciación entorno á problemática dos residuos, e a necesidade da súa minimización. Ademais incidiremos na reutilización, correcta separación dos residuos, e implantaremos a compostaxe dos residuos orgánicos no centro.



#### **EDUCACIÓN VIAL:**

- Este tema pode abordarse en moitos momentos e debemos aproveitar calquera ocasión para transmitir ó alumnado unha adecuada formación que incida na responsabilidade coa que nos comportaremos en todo momento nas vías públicas.

#### **EDUCACIÓN PARA A PAZ:**

- Debaterase amplamente sobre o uso dos avances científicos con fins pacíficos en beneficio da humanidade e tamén como eses mesmos logros postos ó servizo doutras causas poden ter nefastas consecuencias .

#### **EDUCACIÓN PARA A SAÚDE**

- Discutiremos co alumnado sobre a importancia da protección de ollos e pel dos raios daniños do Sol, que é fonte de enerxía e de saúde. Tamén se estudou que a atmosfera exerce de filtro ás radiacións solares perigosas, impedindo que cheguen á Terra. Para protexer a nosa pel do Sol, é útil coñecer o comportamento da nosa pel fronte ao Sol.
- O estudo da bioquímica, anatomía e fisioloxía do corpo humano daranos pé a educar para a saúde: seguir unha dieta saudable, facer exercicio físico...
- Participaremos no programa de froita fresca e leite. Faremos un taller de almorzos saudables.

#### **EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA**

- A realización de diversas experiencias no laboratorio con diversos materiais e instrumentos de medida como balanzas, probetas, cronómetros regras, etc, permite poñer énfase en hábitos de convivencia como o respecto polas quendas de observación ou o coidado dos instrumentos... Ademais este aspecto está sempre presente nas saídas, actividades extraescolares, na aula, especialmente cando se realiza traballo cooperativo.

## **D) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

O alumnado que teña algunha materia do departamento pendente, deberá seguir o plan específico de seguimento e recuperación elaborado para tal efecto. Será tutorizado pola profesora do departamento que lle dea clase, e no caso que ese ano non teñan ningunha materia de bioloxía levará o seguimento a xefa de departamento. Realizarase unha reunión inicial para explicar o plan de seguimento e recuperación e os criterios de cualificación ao alumnado correspondente.

Avaliarase a materia de maneira trimestral, cun boletín de exercicios que se entregará na reunión inicial de setembro, e terá que ser devolto feito en novembro (data a concretar), e un segundo boletín que se entregará ese mesmo día e que terá que ser devolto feito en marzo (data a concretar), que serán calificados cunha nota de 0 a 10. Ademais, no mes de maio ou xuño haberá unha proba escrita que versará sobre todos os contidos do curso. A media dos boletíns terá un peso dun 70% na nota final, sendo un 30% o peso da proba final escrita.

O alumnado que non supere a materia pendente, terá un exame de recuperación en xuño.

As profesoras titoras de pendentes estarán a disposición do alumnado para a consulta de calquera dúbida, previa petición do/a alumno/a (nun recreo).

## **E) PROCEDIMENTO PARA AVALIAR COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO**

O procedemento adoptado polo Departamento para a acreditación de coñecementos previos da materia de Bioloxía de 2º de bacharelato é unha proba obxectiva correspondente os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe correspondentes a Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato na que se deben acadar un mínimo dun 50% dos mesmos e sempre superar os contidos mínimos de aqueles que conformen a proba. Esta proba efectuarase no mes de setembro .

A responsabilidade da execución e avaliación da proba é de todos os membros do Departamento e a coordinará a Xefatura de Departamento.

O alumnado ten dereito a unha reunión previa co profesorado para unha sesión informativa e de titorización.

## **F) AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Os alumnos e alumnas son diferentes en canto a intereses, estilo de aprendizaxe, motivacións e no tempo que necesitan para aprender. Esta diversidade necesita enfoques distintos e diferentes grados de axuda por parte do profesorado. Na atención a diversidade teremos que promover ó respecto á individualidade, á atención e adecuación aos ritmos persoais. En lugar de valorar o aprendizaxe do alumnado en forma de produtos, teremos en conta a análise dos procesos de aprendizaxe. Dar resposta a diversidade significa:

- Dar respostas educativas adaptadas as características individuais do alumnado, referidas a capacidades, motivacións, interese, estilos de aprendizaxe .
- Ofrecer unha cultura común, pero resaltando as peculiaridades do alumnado.
- Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado.
- Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe, que permita valorar os seus coñecementos previos para facilitar a significatividade dos novos contidos a aprender.

Teremos en conta as condicións do alumnado: etapa do desenvolvemento na que se atopa, as súas motivacións, a súa maneira persoal de afrontar e responder as actividades escolares, o sentido que da ó que se ensina. Tamén as condicións do contexto escolar: metodoloxía, actividades, materiais, procesos de avaliación e contexto socio-familiar

Para evitar a desigualdade e previr necesidades educativas requírese do profesorado unha actitude de escoita atenta as peculiaridades de cada un e unha capacidade de revisión frecuente da propia actuación educativa. Existen

alumnos/as que manifestan dificultades e outros/as que progresan con maior rapidez cos/as seus/súas compañeiros/as e que de igual maneira, necesitan unha resposta educativa que lles permita progresar segundo as súas posibilidades .

A mediados de outubro convocaranse pola Xefatura de Estudos as sesións de avaliación inicial, nestas sesións todo o profesorado que lle dá clase ó alumnado xunto co Departamento de Orientación tomará decisións sobre a posibilidade de efectuar medidas de atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sen menoscabo daquelas que o/a profesor/a poida realizar sen modificar elementos prescritos no currículo (reforzamento).

Para a elaboración desta avaliación inicial o Departamento adopta a seguinte metodoloxía:

- Análise dos resultados competenciais e notas acadadas o ano anterior na materia .
- Observación do traballo desenvolvido durante o primeiro mes de clase onde se avaliará:
  - Actitude en aula: traballo individual e en grupo
  - Relación cos/as compañeiros/as
  - Realización dos traballos propostos para a súa realización na casa
  - Realización dunha primeira proba escrita sobre os resultados de aprendizaxe e competencias traballados.
  - Realización dunha proba oral/escrita sobre as competencias necesarias no curso correspondente.

En todo caso, para esta avaliación inicial, atenderase ó que establece a concreción curricular de centro.

Tras a avaliación inicial consideramos as seguintes posibilidades:

- Modificación ou adecuación da práctica docente habitual ó/á alumno/a sen modificación de aspectos prescritivos no currículo (**reforzamento**): tarefas adicionais (mapas conceptuais incompletos, sopa de letras, esquemas semimudos, actividades de relación de conceptos, comprensión de resúmenes do libro e de textos), situación na aula, modificación do formato do texto dos exames, ...
- Introducción de pequenos cambios na secuenciación ou temporalización de contidos ou nas actividades programadas para todo o grupo.
- Implementación de actividades de **ampliación** para aquel alumnado con maior ritmo de aprendizaxe, como análise de textos científicos de maior complexidade, recapitulación de conceptos de diferentes unidades didácticas, actividades procedimentais de crecente complexidade.
- Modificación de aspectos prescritos no currículo (**ACI**): elaborárase polo profesor/a responsable da materia tendo en conta a súa propia avaliación inicial e óda a xunta avaliadora tendo en conta as recomendacións do Departamento de Orientación. Usaranse de base as programacións do nivel e se indicarán que contidos, criterios de avaliación ou estándares de aprendizaxe se modifican ou se suprimen.

O alumnado que repiten curso serán obxecto de seguimento e atención para, en caso necesario, aplicar as medidas necesarias, é dicir, o deseño de estratexias que faciliten a aprendizaxe do/a alumno/a (adaptacións do tipo e grao que se considere aconsellable). Ademais terase en conta a experiencia do profesorado do curso

anterior e os informes do/a titor/a e/ou orientación para coñecer as dificultades polas que atravesou o/a alumno/a no curso anterior e poder traballar nelas durante este novo curso para que o/a alumno/a sexa capaz de superalas.

## **G) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Actividades extraescolares propostas polo concello tipo talleres científicos e roteiros medioambientais.(Aínda sen concretar)
- Participación no Proxecto “A caixa Sostible” da Universidade de Vigo. Actividade prevista, en colaboración coa comunidade de montes da Devesa (está por concretar data e grupos):
- Xornadas de plantación de frondosas na finca da comunidade de montes da Devesa.
- Excursión con 1º ESO para observación e estudo dun ecosistema da nosa comunidade autónoma. (Sen determinar)
- Taller de almozos saudables (sen concretar grupo)

Actividades previstas na finca do instituto:

- Eliminación de plantas invasoras: eucalipto, herba tintureira, herba da pampa.
- Traballos na horta escolar.

## **H) MECANISMOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E DA PRÁCTICA DOCENTE**

É importante avaliar de forma continua o propio proceso de ensino-aprendizaxe para poder adaptar o ritmo de ensino, a dificultade das tarefas, a motivación do noso alumnado, a atención adecuada a alumnado con necesidades, etc. e poder dar facer os cambios necesarios para mellorar o proceso. Así mesmo, o profesorado debemos facer unha autoavaliación da nosa práctica docente para ser conscientes daquelas fortalezas e debilidades e valorar que aspectos se poden modificar.

## **Indicadores de logro do proceso de ensino-aprendizaxe.**

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## **I) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Coa finalidade de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica, ao finalizar cada unidade didáctica realizaranse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Así mesmo, unha vez cada trimestre, nas reunións de Departamento, e antes das CCP nas que haxa que informar da evolución das programacións. Dita avaliación quedará rexistrada nas actas de reunións de Departamento.

Unha vez finalizado o curso avaliaranse todos os compoñentes da programación e tomaranse decisións sobre a mesma que quedarán reflectidos na acta de reunión de Departamento e que servirá para introducir os cambios precisos na programación do seguinte curso. Na memoria de Departamento inclúense os contidos que foron precisos engadir ou eliminar da mesma.

Para esta avaliación usarase a seguinte táboa:

INDICADORES PROGRAMACIÓN

	1	2	3	4
Adecuación do deseño das unidáticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo				
Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos				
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas				
Adecuación da secuenciación dos estándares nas unidades, temas ou proxectos				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación				
Asociación de cada estándar aos elementos transversais a desenvolver				
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento				
Adecuación da secuencia de traballo na aula				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados				
Adecuación do libro de texto				
Adecuación do plan de avaliación inicial				
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares				
Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc				
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.				
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas				
Adecuación do sistema de información ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia				

# BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4ºESO

## UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN:

### 1ª avaliación:

1. Proxecto de investigación.
2. A célula: unidade da vida.
3. Os caracteres e a súa herdanza.
4. As leis da herdanza.
5. Os xenes e a súa manipulación.

### 2ª avaliación:

6. A evolución dos seres vivos.
7. A especie e o medio.
8. A comunidade e o ecosistema.
9. As actividades humanas e o medio ambiente.

### 3ª avaliación:

10. Coñecer a Terra e descubrir o seu pasado.
11. A dinámica da Terra.



**CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE LOGRO, MÍNIMOS ESIXIBLES, COMPETENCIAS CLAVE E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN  
-BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO-**

Unidade didáctica	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación				
								O	CC	TI	TG	PE
1. Proxecto de investigación	b, c, e, f, g	B4.1.	B4.1.	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.	Realiza experimentos sinxelos de forma sistemática e reproducible.  Compara, relaciona e analiza datos e resultados atendendo aos seus obxectivos.	Aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.	CAA CMCCT CSIEE	x			x	
				Emprega o vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto.								
	b, e, f, g, h	B4.1.	B4.2.	BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	CAA CCL CMCCT	x			x	

Unidade didáctica	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación						
								O	CC	TI	TG	PE		
				propón.										
	b, e, f, h, o	B4.2.	B4.3.	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración das súas investigacións.	Utiliza, busca, selecciona, organiza e expón información empregando medios dixitais.	CAA CCL CMCCT CD	x			x			
				Apoiase nas TIC para a presentación das súas investigacións.										
	a, b, c, d, g	B4.3.	B4.4.	BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Valora e respecta o traballo individual.	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	CAA, CSC, CSIEE	x			x			
				Participa no traballo en grupo.										
				Valora e respecta o traballo en grupo.										

Unidade didáctica	Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación				
								O	CC	TI	TG	PE
	a, b, d, e, g, h	B4.3.	B4.5.	BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.	Deseña pequenos traballos de investigación para a súa presentación e a súa defensa na aula.	Participa no deseño de pequenos traballos de investigación para a súa presentación e a súa defensa na aula.	CCL CSIEE CD CMCCT	x			x	
	o			BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións verbalmente. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións por escrito.	Expón o proxecto e os resultados de forma oral e escrita e faino de maneira clara, ordenada e precisa	CCL	x			x	

Unidade didáctica	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación				
								O	CC	TI	TG	PE
2. A célula: unidade da vida	f, h	B1.1.	B1.1.	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.	Compara a célula procariota e a eucariota.	Explica os postulados da teoría celular.	CAA, CMCCT	x	x			x
					Compara a célula a animal e a vexetal.	Diferenza as células procariotas, eucariotas vexetais e animais.						
					Recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.	Coñece a función dos principais orgánulos.						
				BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.	Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.	Identifica tipos de células utilizando micrografías e esquemas gráficos.	CD CAA	x	x			x

Unidade didáctica	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación				
								O	CC	TI	TG	PE
	f, g	B1.2.	B1.2.	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función.	Explica os compoñentes do núcleo e a súa función.	CCL CAA	x	x			x
3. Os caracteres e a súa herdanza	f, g	B1.2.	B1.2.	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	Coñece os principais procesos de cada etapa do ciclo celular.	Coñece os principais procesos de cada etapa do ciclo celular.	CCL CAA	x	x			x
	f, g	B1.3.	B1.3.	BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.	Recoñece as partes dun cromosoma.	Identifica e diferenza as partes dun cromosoma.	CMCCT	x	x			x
				Constrúe un cariotipo.								
g, f,	B1.4.	B1.4.	BXB1.4.1. Recoñece	Recoñece as fases da	Coñece as semellanzas e	CMCCT CAA	x	x	x		x	

Unidade didáctica	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación				
								O	CC	TI	TG	PE
	h			as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.	mitose e meiose. Diferencia os procesos de mitose e meiose e distingue o seu significado biolóxico.	as diferenzas entre a mitose e a meiose						
	b, a	B1.8.	B1.8.	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.	Explica en que consisten as mutacións cromosómicas.	Define o concepto de mutación e clasifica as mutacións en función de diferentes criterios.	CMCTT CAA	x	x			x
4. As leis da herdanza	f, g, h	B1.9. B1.10 e B1.11	B1.9.	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.	Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana. Resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.	Formula os principios da xenética mendeliana. Resolve problemas de xenética con un carácter.	CMCTT CAA CCEC	x	x			x

Unidade didáctica	Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación					
								O	CC	TI	TG	PE	
	g	B1.12.	B1.10.	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	Resolve problemas prácticos sinxelos sobre a herdanza do sexo.	CAA CSIEE	x	x				x
	a, c, g, m	B1.13.	B1.11.	BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social.	Describe trastornos de orixe xenética frecuentes.	CMCCT CSC	x	x	x			x
					Resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias utilizando árbores xenealóxicas.	Interpreta árbores xenealóxicas.							
SEB súa mani	g, f,	B1.5.	B1.5.	BXB1.5.1. Distingue	Distingue os tipos de ácidos	Describe a función,	CAA CSIEE	x					x

Unidade didáctica	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación					
								O	CC	TI	TG	PE	
	h			os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.	nucleicos. Enumera os compoñentes dos ácidos nucleicos.	composición química e a estrutura do ADN/ ARN							
	g, h	B1.6.	B1.6.	BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.	Recoñece a función do ADN como portador da información xenética. Relaciona o concepto de xene coa función do ADN.	Recoñece a función do ADN como portador da información xenética.	CAA	x					x
	g, b	B1.7.	B1.7.	BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.	Describe o proceso de transcrición. Describe o proceso de tradución.	Describe o proceso de transcrición e tradución do ADN e explica o manexo do código xenético	CAA CSIEE	x	x				x
	b, a	B1.8.	B1.8.	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus	Explica en que consisten as mutacións. Recoñece os tipos de	Define o concepto de mutación e clasifica as mutacións en función de diferentes criterios.	CMCTT CAA	x	x				x



Unidade didáctica	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación						
								O	CC	TI	TG	PE		
				tipos.	mutacións xénicas.									
	f	B1.14.	B1.12.	BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	Describe técnicas básicas de enxeñaría xenética.	CMCCT CSIEE	x			x	x		
	g, h, m	B1.15.	B1.13.	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.	Describe a técnica de clonación animal.	Describe o proceso da clonación.	CSC, CSIEE CAA	x			x	x		
				Distingue a clonación terapéutica da reprodutiva.										
	a, c, g	B1.15.	B1.14.	BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.	Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.	Argumenta as vantaxes e inconvenientes das aplicacións da enxeñaría xenética.	CSC CSIEE	x			x	x		

Unidade didáctica	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro do estándar	Mínimos esixibles	Competencias clave	Instrumentos de avaliación				
								O	CC	TI	TG	PE
